



SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 5 de xuño de 2017

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 5 de xuño de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .
Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 29/05/2017, que se aprobou por unanimidade.

Propuestas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2017/2486

Vista a proposta do Axudante-Encargado de obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Sobрино G, S.A.** para o subministro de material para reparación do Saneamento en Rúa A Cruz, Cornazo, debido ao requirimento formulado por Augas de Galicia, por un importe total de 712,21 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/2487

Dáse conta do escrito presentado por Dona Begoña Martínez, solicitando autorización para instalar un autobús na Praza de A Xunqueira, con motivo da gravación do programa "Gastrópodos" da TVG o día 6 de xuño.

Visto o informe da Policía Local acordase concederlle autorización para a instalación do autobús na Praza da II República, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.



- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/2488

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **TOBIAUTO, S.L.** para a reparación do vehículo (Seat Altea) matrícula 0680GSX, adscrito ao Servizo da Policía Local, por un importe de 864,29 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/2489

Dáse conta do escrito presentado por D. Ricardo Santamaría del Valle, en representación de **Asociación Cultural Varietes** solicitando autorización para a realización de concertos musicais de pequeno formato, na Rúa Méndez Núñez (VII Festival Varietes) promovido polos hostaleiros da citada rúa, durante os días 15, 22 e 29 de xuño; 6, 13, 14, 16, 20, 21, 27, 28 e 30 de xullo, en horario de 00:00 horas os xoves e 01:00 horas os venres e a colaboración municipal coa cesión dun escenario, toma de corrente necesaria, mellora de iluminacións, carteis, pancartas, etc.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada para a celebración de 12 actuacións, así como a colaboración municipal, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- O horario será: os xoves ata as 00:00 horas e os venres ata as 01.00 horas.
- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

PRP2017/2490

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Gráficas Anduriña, SCG** para o subministro de material de papelería, coa seguinte desagregación:

- 5.000 carpetas de negociado, por importe de 719,95 €, con cargo á partida 920.22000.
- 5.000 sobres americanos/policía Local, por importe de 260,15 €, con cargo á partida 132.22000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/2491



Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Talleres Santiago Iglesias, S.L.** para a reparación do vehículo (guindastre) matrícula 5171DLH, por un importe total de 520,57 €, con cargo á partida 132.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/2492

Dáse conta do escrito presentado por **D. Alexandros Dimópoulos**, solicitando autorización para instalar na Rúa unha mesa para a venda de carteiras de coiro feitas á man, do 1 de xuño ao 31 de xullo.

A Xunta de Goberno Local acorda denegar a autorización solicitada dado que non se permite a venda ambulante, excepto no espazo destinado ao mercado semanal que se celebra os martes e xoves, podendo pedir autorización para a instalación do posto durante as Festas Patronais de San Roque, se o considera oportuno.

PRP2017/2493

Dáse conta do escrito presentado por D. Manuel Vázquez Martínez, en representación do **Colectivo CLB**, que engloba os clubs AD Cortegada, Liceo Casino de Vilagarcía e Basket Base Club, solicitando autorización para realizar unha romaría na zona arborada da Praia de A Concha, o día 17 de xuño de 2017.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

Previamente á realización deberá contar coa correspondente autorización do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra, dado que o citado Organismo é o titular dos terreos nos que se pretende levar a cabo.

PRP2017/2494

Dáse conta do escrito presentado por Dona Olga Teresa Pantoja Vargas, en representación de **Asociación Hermandad Venezolana das Rías Baixas**, solicitando autorización para celebración cun acto de recollida de medicinas e alimentos na Praza de Galicia o día 20 de xuño, en horario de 10:00 a 23:00 horas, así como a cesión de unha carpa, mesas, cadeiras e megafonía.

Visto o informe da Policía Local acordase conceder a autorización para a celebración da actividade, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.



- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Así mesmo concédese a colaboración municipal coa cesión de carpa, mesas e cadeiras, non concedendo a megafonía solicitada.

PRP2017/2495

Dáse conta do escrito presentado por Dona Angela Ansede Bueno, en representación de **Colegio San Francisco**, solicitando autorización para instalar unha carpa na Praza de Galicia os días 10 e 17 de xuño, en horario de 10:00 a 14:30 horas, así como a cesión de unha mesa, co fin de promocionar a III Carreira Solidaria Ladesol "Corro por tu Sueño".

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/2497

Dáse conta de resolución da **Axencia de Turismo de Galicia**, que desestima o requirimento previo contra a Resolución da Directora da Axencia de Turismo de Galicia de 27 de marzo de 2017 sobre revogación e reintegro relativo á concesión ao Concello de Vilagarcía de Arousa dun préstamo con cargo ao FOMIT, interposto pola Secretaría de Estado de Turismo e confirma en todos os seus termos a resolución impugnada, así como os importes a reintegrar por parte do Concello.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/2498

Dáse conta do escrito presentado por D. Jesús López Rodríguez, voceiro do **Grupo Municipal de EU** solicitando copia dos acordos ou convenios de colaboración/cesión das parcelas que se utilizan como bolsas de aparcamento, ben sexa de forma temporal ou de forma permanente, concretamente no Piñeiriño, A Escardia e outras que poidan existir.

Dáse conta de informe da Secretaría Xeral, favorable á petición do voceiro de EU.

A Xunta de Goberno Local acorda remitir o Convenio asinado no barrio de O Piñeiriño por atoparse xa asinado definitivamente.



ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2017/2521

Visto informe-proposta da Concelleira delegada de Benestar coa relación de nenos asistentes á Escola Infantil Municipal con dereito a subvención, e relación motivada dos nenos admitidos sen dereito a subvención, para a aprobación do pago da cantidade correspondente ó mes de maio de 2017, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta e o recoñecemento de obrigación a favor de **Bonecos Vilagarcía, S.L.**, polo importe de 34.095,45 € con cargo á partida 323.48007.

PRP2017/2522

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Empresa Pereira, S.L.**, para servizos de autobús os días 14 e 15 de xuño para o traslado de nenos/as da Escola Infantil Municipal á Granxa Escola Serantellos de Cambados, por un importe total de 396,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 323.223.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/2523

Dáse conta da firma do convenio para a concesión dunha subvención nominativa a "**Cáritas Interparroquial de Arousa**", por un importe de 35.000,00 € con cargo á partida 231.48002, para a actividade de comedor social durante o ano 2017.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/2524

Dáse conta da firma do convenio para a concesión dunha subvención nominativa a "**Cáritas Interparroquial de Arousa**", por un importe de 2.400,00 € con cargo á partida 231.48002, para o funcionamento do Centro San Cibrán durante o ano 2017.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/2525

Dáse conta da firma do convenio para a concesión dunha subvención nominativa a "**Cruz Vermella de Vilagarcía de Arousa**", por un importe de 84.000,00 € con cargo á partida 231.48002, para a xestión de mantemento do Albergue de Transeúntes de Cruz Vermella do Salnés, destinado a persoas sen fogar e transeúntes, durante o ano 2017.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/2526

Dáse conta da firma do convenio para a concesión dunha subvención nominativa a "**Cruz Vermella de Vilagarcía de Arousa**", por un importe de 6.600,00 € con cargo á partida



231.48002, para as actuacións e actividades dirixidas a paliar situacións de emerxencia social de carácter urxente e inmediato, durante o ano 2017.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/2527

Vista a proposta da Concellería de Traballo e Benestar para levar a cabo accións que permitan a igualdade de oportunidades e conciliación da vida familiar e a laboral, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases do Servizo de “Conciliatardes –Tardes coa Infancia 2017/2018”, así como o prazo para a presentación de solicitudes de acceso ao servizo, do 6 ao 26 de xuño de 2017.

Emprego

PRP2017/2528

Dáse conta da publicación no DOG de 22 de maio de 2017 da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA, e se aproba a convocatoria para o ano 2017.

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria ao abeiro da citada Orde, dunha subvención total de 124.455,80 €, para a contratación de 20 traballadores/as desempregados/as durante 7 meses, a partir do 1 de xullo:
 - 10 Peóns Obras Públicas
 - 10 Peóns forestais
- Aprobar unha aportación municipal de 45.213,00 €.

PRP2017/2529

Dáse conta da Resolución da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 22 de maio de 2017, pola que se presta aprobación á certificación acreditativa achegada polo Concello relativa á contratación laboral de trinta e catro traballadores a tempo completo por un período de 9 meses e se autoriza o pago a este Concello do importe de 157.165,74 €, que se corresponden co 50% da subvención que se calcula en base á comunicación do Concello sobre o número de contratacións formalizadas no primeiro mes de contrato.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Sanidade

PRP2017/2530

Vista a proposta da Concellería de Cemiterios, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Francisco Padín Silva (MADECO)** para o subministro dunha desbrozadora husqvarna modelo 535-RX, con accesorios de protección e corte completos para o Servizo de Cemiterios, por un importe total de 700,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 164.62300.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal. (Proxecto 2 nº 01/12/2016).



ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Xuventude

PRP2017/2531

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda ampliar o orzamento aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 20 de marzo de 2017 para adquisición de materiais para a XVI Edición do Lectoriño: Mostra de literatura Infantil e Xuvenil, na cantidade de 398,16 €, destinados á adquisición de materiais para fabricación polo Departamento de Obras de estanterías, con cargo á partida 2314.215.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2017/2534

Vista a solicitude de Dona M^a Angeles Bravo Pombo, Técnica responsable Área de Prevención do SPAD, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle para a montaxe da exposición “Obradoiros de Carteis de bebidas saudables”, que organiza o SPAD na entrada do Salón García, do 5 ao 23 de xuño, debendo respectarse os accesos á Biblioteca Municipal e ao resto dos espazos culturais do inmoble.

PRP2017/2535

Vista a solicitude de Dona Manuela Serentes Teijeiro, en nome da **Comisión de Festas do Sagrado Corazón de Jesús de Carril**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra do Sagrado Corazón de Xesús o vindeiro día 23 de xuño de 2017:

- Actuación da Asociación Cultural Os Xirifeiros, por un importe de 225,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2017/2536

Vista a solicitude de D. Antonio Caeiro Rodríguez, en representación de **O Faiado da Memoria**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, os días 29 e 30 de xuño, en horario de 19:00 a 21:00 horas, para a celebración dunhas xornadas pola memoria, cunha charla e unha proxección, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.



PRP2017/2608

Vista a solicitude de D. Antonio Casás Valoira, en representación da **Asociación de Veciños de Vilaxoán**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase aprobar o gasto que a seguir se indica, con cargo á partida 334.22609, con motivo da celebración da festa do Nacemento da Sardiña, o día 23 de xuño de 2017, a carón do Centro Sociocultural:

- GOYPLASON, S.L., polo equipo de son e iluminación para as actuacións previstas de Black Stones e Arosa Bay, por un importe total de 968,00 € (IVE incluído).

Sinalarlle que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2017/2537

Dáse conta de escrito da Xefatura Territorial da consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación co escrito remitido polo Concello para demandar actuacións na EEI de Vilar – Bamio, no que indica que a conservación, mantemento e vixilancia dos edificios destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial corresponderán ao Concello respectivo.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora, facendo constar a devandita Xefatura Territorial que se fai preciso unha nova instalación de electricidade no citado centro educativo, que debe ser asumida por ese organismo por non tratarse de obras de mantemento.

PRP2017/2538

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 12 de maio de 2017 de concesión dunha subvención de 15.792,82 € para a realización da actuación denominada “Reparacións de farolas tipo Villa nas Rúas Castelao, Edelmiro Trillo, contorno da Alameda e Praza Ravella”, cun orzamento de 15.792,82 €, dentro da Liña 2 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/2539

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 12 de maio de 2017 de concesión dunha subvención de 18.000,00 € para a realización da actuación denominada “Combate Naval”, cun orzamento de 35.695,00 €, dentro da Liña 2 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/2540

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 12 de maio de 2017 de concesión dunha subvención de 49.929,16 € para a realización da actuación denominada “Servizo de Mantemento dos Parques Infantís de Vilagarcía de Arousa”, cun orzamento de 49.929,16 €, dentro da Liña 2 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.



PRP2017/2541

Dáse conta do proxecto modificado de mellora das instalacións do Mercado de Abastos – 2ª Fase, redactado polo Arquitecto Municipal D. Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, cun orzamento de 53.463,23 € (IVE incluído).

Visto o informe da Secretaría Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda remitir o citado proxecto á Consellería de Economía e Industria, Dirección Xeral de Comercio, para a súa aprobación, previa por tratarse dunha obra cofinanciada polo citado organismo.

PRP2017/2553

Vista a Proposta da Alcaldía, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa **Sistemas de Seguridade A1, S.L.** a prestación do “Servizo de Mantemento preventivo e correctivo dos sistemas de alarma de incendios e roubo instalados nos edificios e instalacións dependentes do Concello de Vilagarcía de Arousa, así como a conexión destas alarmas con central homologada”, por un período de 3 meses, ou ata a data en que o novo adxudicatario do contrato comece a prestar servizos, por un importe total de 1.521,95 € (IVE incluído), sendo o custe mensual de 507,32 € (IVE incluído).

Así mesmo procédese á retención de crédito nas aplicacións correspondentes para dar cobertura ao contrato polos meses restantes do exercicio 2017:

APLICACIÓN	XUÑO-DECEMBRO RC	XUÑO AGOSTO AD
2311.213	620,17	265,79
323.213	642,87	275,52
334.213	1.290,91	553,25
432.213	254,18	108,94
920.213	743,07	318,46
TOTAL	3.551,20	1.521,96

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.